

Resumen das xuntanzas da Mesa de Negociación do Convenio Colectivo para o PDI laboral das Universidades publicas de Galicia

PRIMEIRA XUNTANZA: CONSTITUCIÓN DA MESA

O 1 de decembro de 2005 reúnense na sede do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela o Director Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, os representantes das Universidades públicas galegas, e das organizacións sindicais (CCOO, CIG, UXT e CSI-CSIF) cón fin de elaborar o contexto de negociación do Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades publicas de Galicia. Nesta primeira reunión de traballo os presentes acordan por unanimidade aprobar un documento inicial de traballo presentado polas universidades, e utilizando como base ó establecido na LOU *“que o PDI contratado sexa en réxime laboral leva que necesariamente que as condicións de traballo deben regulamentarse mediante Convenio Colectivo”*, acórdase que o marco de traballo debe establecerse en función das seguintes premisas:

1. O obxectivo da negociación e asegurar as condicións de traballo do PDI. O ámbito da negociación será o do persoal contratado con referencia ás modalidades estipuladas na LOU establecendo unha acción coherente entre os colectivos laboral e funcionario.
2. Acadar unha homoxeneización nas condicións de traballo do persoal laboral e funcionario.
3. Estructurar o cadro de persoal laboral dun xeito rigoroso, estable e dinámico asegurando a máxima garantía de estabilidade e desenvolvemento dunha carreira profesional coherente
4. Ordenar a carreira docente de modo que non exista unha carreira docente laboral alternativa á funcionarial evitando que o paso dun réxime a outro supoña unha barreira no desenvolvemento profesional. Para elo é moi importante mellorar a definición da carreira académica utilizando as figuras laborais previstas na LOU.
5. Facer extensivas a todo o PDI as condicións xerais sobre Saúde Laboral, Acción Social e Formación enmarcadas nos Acordos Intersectoriais.
6. Definir un ámbito preciso de negociación sindical universitaria.

Neste texto inclúense algunhas puntualizacións:

- ⇒ CIG e CCOO. Respecto do punto 1 debería de integrarse o persoal investigador. Acórdase avanzar no corpo do convenio comprometéndose a analizar a fórmula de incorporación no mesmo do colectivo de persoal exclusivamente investigador.
- ⇒ CCOO. Respecto do punto 5 do Anexo, enténdese que o que figura no mesmo é ó que apunta toda a normativa, non debería de figurar como vontade para o convenio senón que é obrigado no marco da normativa na que se desenvolverá o convenio.

Nesta xuntanza tamén se chegaron ós seguintes acordos:

1. Promover conxuntamente a negociación dun convenio colectivo cuxo ámbito se corresponda, dende o punto de vista funcional, coas Universidades Públicas, desde o punto de vista territorial, coa

Comunidade Autónoma Galega, e dende o punto de vista subxectivo, co PDI contratado en réxime laboral e avanzar no compromiso de incorporación no mesmo do colectivo de persoal exclusivamente investigador.

2. Ambas as partes recoñécense a lexitimación a que fai referencia o artigo 89 do Estatuto dos Traballadores. A estes efectos, as organizacións sindicais presentes concentran a representación do 86 % dos membros dos comités de empresa das respectivas universidades, segundo se detalla no cadro anexo.
3. Crear a Mesa Negociadora do Convenio, de conformidade co previsto no artigo 89 do Estatuto dos Traballadores. A Mesa estará formada por 30 membros 15 por cada una de las partes coa seguinte distribución:
4. As partes valoran a presenza da Xunta de Galicia a traveso do Director Xeral de D. José Ramón Leis Fidalgo no proceso negociador aos efectos de que, cando menos, as especificidades do réxime de emprego do PDI contratado, así como a súa homoxeneidade con respecto ao do persoal funcionario, poidan ser tratados de xeito coherente pola acción reguladora da Xunta e a negociación colectiva das Universidades e as organizacións sindicais.
5. As partes acordan que a Presidencia da Mesa corresponda a parte empresarial que designa a D. Castor Méndez Paz. A Secretaria da Mesa recae na parte social que considera que debe ser desenvolvida pola CIG quen designa a Dona Isabel Diéguez Castrillón.
6. Dos presentes acordos darase conta á autoridade laboral correspondente a efectos do establecido no artigo 89.1 do Estatuto dos traballadores.

SEGUNDA XUNTANZA: xoves 15 de decembro do 2005

Apróbase o Acta da xuntanza anterior. As Universidades e as centrais sindicais presentaron ás súas propostas, sendo CCOO a única parte que presentou un borrador de texto completo de convenio, para debater sobre as materias.

Condicións de aplicación e vixencia, e Vixilancia e interpretación do convenio.

Nesta sesión abordáronse os aspectos referidos a:

1. Determinación da partes que o concertan.
2. O ámbito do convenio. Neste punto as partes manifestamos certas discrepancias referidas ós ámbitos funcional, persoal e material e temporal. En concreto sigue sen haber acordo no referido a inclusión do persoal investigador que quedará aparcada a súa discusión sobre a súa inclusión e tamén quedou aparcada a data de inicio e de finalización do Convenio. Desde CCOO consideramos prioritario a inclusión no Convenio do persoal investigador das Universidades galegas tal como ven recollido en Convenios vixentes noutras Comunidades Autónomas, así mesmo o considera a CIG, opoñéndose taxativamente a UXT a que este persoal se inclúa neste convenio.
3. Condicións de aplicación. Había acordo no que se refire a cuestións como compensación e absorción, condicións máis beneficiosas para os que estean amparados por este Convenio, e composición da Comisión paritaria.
- 4.

CCOO segue insistindo na necesidade urxente de constitución da Mesa Sectorial autonómica de Universidades, así como que desexariamos unha

implicación máis directa da Consellería de Educación e non se limitase o seu carácter de observador.

Tamén a parte social manifestouse a favor de que o convenio teña efectos económicos de 1 de Xaneiro de 2006 e a parte institucional indica a procedencia de manifestarse en futuras reunións sobre este tema.

Os presentes acordan por unanimidade aprobar os seguintes puntos do Convenio:

TITULO I. DETERMINACIÓN DAS PARTES QUE O CONCERTAN

Artigo 1: Partes

Concertan este Convenio: dunha banda, as Universidades e de outra banda os Sindicatos maioritarios e lexitimados.

TITULO II. ÁMBITO DO CONVENIO E CONDICIÓNS DE APLICACIÓN

Artigo 2: Ámbito territorial

Ámbito territorial das Universidades Públicas con sede no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3: Ámbito funcional

O presente Convenio é de aplicación nas Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela, e Vigo.

Artigo 4: Ámbito persoal e material

1. As normas contidas no presente Convenio serán de aplicación a todo o persoal docente e investigador laboral que preste servicios retribuídos nas Universidades Públicas asinantes deste Convenio.

2. No relativo á formación, beneficios sociais, saúde laboral e dereitos sindicais, as partes acordan incorporar os acordos que sobre estas materias, se acaden no ámbito da mesa sectorial de universidades.

Artigo 5: Ámbito temporal

1. O presente Convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e manterá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 200...

2. O Convenio prorrogarase de ano en ano a partir da finalización da súa vixencia.

3. As partes iniciarán a negociación do segundo convenio colectivo unha vez rematada a vixencia do presente convenio ou das súas prórrogas.

TITULO III. CONDICIÓNS DE APLICACIÓN

Artigo 6: Compensación e absorción

As condicións económicas establecidas no presente Convenio compensarán todas as existentes no momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a súa natureza e orixe. Se por disposición legal ou regulamentaria se estableceran durante o período de vixencia mellores condicións económicas, só terán eficacia se, consideradas globalmente en cómputo anual, resultaren superiores ás previstas neste Convenio.

Artigo 7: Condicións máis beneficiosas

1. Respetaranse as condicións particulares que excedan do conxunto do presente Convenio.

2. O presente Convenio establece que a vinculación para as partes afectadas o é ao seu conxunto e totalidade.

Artigo 8: Comisión Paritaria

1. Constitúese unha Comisión Paritaria para o seguimento e interpretación do presente Convenio.

2. Corresponderá a Comisión Negociadora do Convenio Colectivo do PDI contratado constituírse como Comisión Paritaria. Na Comisión Paritaria estarán representadas as mesmas partes que na Comisión Negociadora.

3. Corresponderá á Comisión Paritaria: vixiar o cumprimento do pactado, aprobar o seu regulamento de réxime interno, crear as Comisións necesarias, coñecer calquera conflito colectivo, propor e informar as cuestións que derivadas da aplicación do presente convenio se planten, actualizar o contido do presente convenio.
4. Os acordos da Comisión Paritaria vinculan a ambas partes nos mesmos termos que o presente Convenio Colectivo.
5. Denunciado o Convenio e ata tanto sexa substituído por outro, a Comisión Paritaria continuará exercendo as súas funcións.
6. A Comisión Paritaria reunirase cuatrimestralmente con carácter ordinario e, con carácter extraordinario.
7. Os asuntos a incluír no orde do día de cada sesión ordinaria serán remitidos ao Presidente.
8. A Comisión Paritaria fará públicos os acordos adoptados.
9. A Comisión Paritaria solicitará toda clase de información.
10. As Universidades comprométense a facilitar á Comisión Paritaria locais e medios adecuados.
11. Sometemento de conflito ao Consello de Relacións Laborais de Galicia.

TERCEIRA XUNTANZA: martes 10 de Xaneiro do 2006

Apróbase o Acta anterior e as partes acordan a aplicación no 2006 para o PDI laboral do incremento retributivo do IPC acordado para o PDI funcionario. Ademais se seguen elaborando Artigos de Convenio:

Artigo 9: Funcións do persoal contratado e lugar e prestación do traballo

Comprenden a prestación de servizos en labores docentes, investigadoras, de tutoría ou asistencia ós estudantes e a atención ás necesidades de xestión do departamento, centro ou universidade na xornada laboral establecida. Esta labor será desenvolvida nas mesmas condicións que o persoal PDI funcionario coas especificidades de cada tipo de contrato, e preferentemente a súa labor levarase a cabo nunha única localidade.

Artigo 10: Figuras contractuais

Axudante

Os axudantes serán contratados a tempo completo coa finalidade principal de completar a formación investigadora podendo colaborar nas tarefas docentes preferentemente de carácter práctico vinculadas a súa especialización, co límite máximo establecido nos estatutos de cada universidade. Esta figura utilizarase preferentemente para integrar ó persoal en formación.

CUARTA XUNTANZA: mércores 18 de Xaneiro do 2006

Apróbase o Acta da reunión anterior e séguese co Artigo 10: Figuras Contractuais

Profesor Colaborador

Os profesores colaboradores serán contratados para impartir ensinanzas naquelas áreas de coñecemento que estableza a lexislación entre licenciados, arquitectos técnicos, enxeñeiros, técnicos ou diplomados universitarios que posúan o informe favorable das diferentes Axencias avaliadoras.

Os profesores colaboradores serán inicialmente contratados polas universidades por un período máximo de catro anos, podendo prorrogarse os seus contratos por outros catro anos máis, tras o informe favorable das diferentes Axencias avaliadoras.

Os contratos dos profesores colaboradores adquirirán carácter fixo, logo da avaliación positiva dos dous períodos da súa actividade.

Os colaboradores non doutores terán unha carga docente equivalente a un profesor titular de escola, e os doutores a un profesor titular de universidade. As universidades teñen a intención de “cumprir a legalidade” e para nada teñen pensado a estabilización dos colaboradores non doutores.

Profesor axudante doutor

O profesor axudante doutor será contratado entre doutores de acordo coas disposicións legais vixentes. Desenvolverá tarefas docentes e de investigación a tempo completo.

As universidades comprométese a garantir que as tarefas docentes dos axudantes doutores non supoñan unha carga que diminúa ou impida o desenvolvemento dos labores de investigación e formación tendo dereito á promoción a contratado doutor, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos pola lexislación vixente. As Universidades aclaran que só teñen un “compromiso” de estabilización cos Axudantes Doutores e sempre dependendo da carga docente das Áreas.

Profesor contratado doutor

Os profesores contratados doutores contratados para o desenvolvemento de tarefas docentes e de investigación, serán contratados inicialmente a tempo completo e con carácter fixo agás ás excepcións fixada en estatutos tendo unha carga docente equivalente a un profesor titular de universidade.

Tamén poden ser contratados profesores contratados doutores de modo extraordinario para desenvolver tarefas prioritariamente de investigación especializada. Serán contratados inicialmente a tempo completo ou a tempo parcial durante un período máximo de 3 anos.

Os Sindicatos solicitaron a eliminación do “control” ó cabo dos tres anos de contrato antes de pasar a indefinido e a posibilidade de manter a contratación de PCD a tempo parcial para casos moi especiais. Nestes dous puntos as Universidades están de acordo e polo tanto se propón que a contratación de PCD a tempo completo sexa para docencia e investigación e a posibilidade de contratación só para casos especiais relacionados coa investigación de PCD a tempo parcial e total.

Profesores asociados

O profesorado asociado será contratado con dedicación a tempo parcial, entre especialistas de recoñecida competencia con actividade profesional allea ó ámbito académico universitario.

Profesores visitantes

O profesorado visitante está constituído por persoal docente e investigador de recoñecido prestixio doutras universidades e centros de investigación españois ou estranxeiros que poderán ser contratados, con dedicación a tempo completo ou a tempo parcial por dous anos improrrogables.

Tanto para Asociados como Visitantes no texto definitivo vaise trocar ... *fóra da Universidade* por ... *fóra do ámbito académico Universitario*. As dedicacións horarias quedan a expensas dos Estatutos de cada Universidade.

Profesor Emérito

Os Estatutos de cada Universidade establecerán as condicións para contratar como profesores eméritos aqueles funcionarios docentes xubilados que prestasen e presten servicios destacados á universidade. En todo caso a figura de profesor emérito non poderá superar o 2% do total do cadro de persoal.

Lectores

Serán equiparados a profesores colaboradores e os estatutos de cada universidade fixarán as características deste persoal. As súas obrigas docentes virán fixadas nos respectivos contratos, en virtude das necesidades docentes do departamento.

Profesor contratado interino de substitución

Serán contratados con carácter temporal para cubrir necesidades temporais de docencia equiparándose a Profesor Asociado (só en docencia e salario, Real Decreto 1086/1989 sobre retribucións do profesorado universitario) coa idea de limitar a contratación só ó período necesario.

Así mesmo establécese un procedemento de contratación:

1. Antes de proceder á realización de calquera contratación, comprobar a necesidade docente e que non poida ser cuberta coas dispoñibilidades da área ou departamento correspondente.

2. Os departamentos poderán solicitar o incremento temporal de dedicación dos profesores asociados con dedicación inferior a 6 + 6 horas.

3. Recorrer á fórmula das horas extraordinarias ata un límite de 3 horas á semana.

4. Contratación.

Artigo 11: Réxime do persoal contratado

1. Os contratos de Axudante, Profesor Axudante Doutor, Asociado, Visitante, Emérito e Lector terán duración determinada.

2. A duración do contrato de Axudante e Profesor Axudante Doutor será de catro anos de prestación de servizos efectivos e a retribución non superará catro anos en cada figura. Ademais as situacións de suspensión non retribuídas pola propia universidade e non contempladas na normativa laboral vixente non excederán de dous anos.

3. No caso dos Axudantes e Profesores Axudantes Doutores que xa estiveran vinculados a esas figuras por relación contractual anterior con calquera Universidade, a duración máxima dos contratos será o que reste para completar o período máximo de contratación de catro anos. Como unha medida interesante para todos, as Universidades galegas subscribirán acordos que permitan a mobilidade do profesorado co obxecto de cumprir o requisito de dous anos de desvinculación para o acceso á figura de profesor axudante doutor.

4. Os profesores asociados serán contratados en réxime temporal, as Universidades establecerán a duración máxima destes contratos, o seu carácter renovable ou non, e os requisitos que han de reunir as renovacións así como o número destas.

QUINTA XUNTANZA: mércores 25 de Xaneiro do 2006

Apróbase o Acta da reunión anterior e séguense desenvolvendo Artigos:

Artigo 12: Estabilidade no emprego

As Universidades facilitarán semestralmente ó Comité de Empresa, razón da saltas e as baixas de persoal docente e investigador.

Artigo 13: Organización e Planificación do traballo

A organización do traballo é facultade exclusiva de cada Universidade e a súa aplicación práctica corresponderá ao órgano competente no marco da lexislación vixente e en particular dos Estatutos de cada unha delas e do presente Convenio Colectivo.

As Universidades previa negociación co Comité de Empresa elaborarán a RPT e que recollerá os postos estruturais correspondentes ó PDI con contrato laboral, sen que as súas funcións poidan ser desenvolvidas por bolseiros ou colaboradores sociais.

Artigo 14: Réxime de incompatibilidades

Ao PDI laboral das Universidades asinantes deste Convenio aplicaráselle o réxime de incompatibilidades de acordo coa Lei de Incompatibilidades do Persoal ao Servicio das Administracións Públicas.

A contratación baixo a figura de Profesor visitante será incompatible co desempeño doutras actividades retribuídas, salvo cando se trate de persoal

docente e investigador de universidades ou centros de investigación estranxeiros

Artigo 15: Procedemento de selección e tribunais

1. A contratación de PPDJ realizárase mediante concursos públicos de acordo cos procedementos establecidos nos estatutos de cada universidade e coa suficiente antelación ao Consello de Coordinación Universitaria para a súa difusión.

2. A selección efectuarase con respecto os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente estar habilitado ou acreditado para participar nos concursos de acceso a corpos docentes universitarios os que se refire a LOU.

3. Cada Universidade establecerá un baremo puntuado de méritos, que previamente será informado de maneira razoada polo Comité de Empresa no prazo de 15 días, no caso de informe negativo a Universidade en igual prazo emitirá informe razoado. Nestes baremos terase en conta:

- a) Formación académica
- b) Experiencia docente, profesional, e investigadora do candidato.
- c) Grao de doutor en aquelas prazas que non sexa requisito de acceso
- d) Outros méritos adecuados ó perfil da praza
- e) Coñecemento da lingua galega

O período de actividade docente, investigadora e de xestión desenvolvida nas universidades galegas terán consideración especial nos baremos para as prazas de promoción.

4. Os postos de Profesor Visitante e Emérito poderán ser excluídos dos procesos de selección.

5. Contra as convocatorias e os actos administrativos que delas se deduzan, se poderán interpoñer os recursos ou reclamacións substitutivas (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común).

6. A composición, funcionamento e procedemento de designación dos compoñentes das Comisións de Selección determinarase nos Estatutos das Universidades.

7. O número de compoñentes será dun mínimo de cinco e un máximo de sete, garantindo que sexan especialistas da área de coñecemento ou afíns ao posto a cubrir.

En todo caso, garantirase a presenza dun membro proposto pola representación dos traballadores que actuará con voz e sen voto. Neste punto teremos que seguir traballando para mellorar a presenza sindical nas Comisións.

Artigo 16: Xornada de traballo

1. A duración da xornada de traballo a tempo completo será a que estableza a lexislación vixente para o persoal funcionario a tempo completo.

2. A duración da xornada de traballo nas contratacións realizadas por tempo parcial, será a que se derive das súas obrigacións contractuais.

3. A docencia total dun profesor poderá acumularse en determinados períodos do Curso de conformidade co POD e respectando os límites establecidos na lexislación vixente.

4. Os conflitos individuais se resolverán por parte da Universidade previa consulta cos órganos de representación dos traballadores.

SEXTA XUNTANZA: mércores 1 de Febreiro do 2006

Apróbase o Acta da xuntanza anterior e comézase a traballar nun dos puntos que previsiblemente ían ser conflictivos, a Estructura Salarial.

De entrada as Centrais Sindicais solicitan integrar os complementos específico e destino no soldo base. As Universidades néganse en base o razoamento que queren que o persoal funcionario e o laboral convivan do xeito mais armonioso posible, e despois dun debate bastante longo, no que ante a pregunta de que si todos estes conceptos cotizaban a Seguridade Social os Xerentes contestan que si, CCOO acepta que a estrutura salarial quede do mesmo xeito que a do persoal funcionario para evitar problemas entre colectivos. Polo tanto as retribucións básicas estarían constituídas polo soldo, antigüidade e dúas pagas extraordinarias, nas que se abonará soldo base, antigüidade e a porcentaxe dos complementos nas pagas extras ó igual que están a cobrar os docentes funcionarios, en virtude do acordo MAP Sindicatos, asinado por CCOO en Madrid. Na antigüidade computaranse os servicios prestados na administración pública (Lei 70/1978 do 26 de Decembro). Dentro das retribucións complementarias inclúense os complementos de destino, específico e de cargo académico do mesmo xeito co persoal funcionario.

O problema chega na materialización das cantidades a percibir polo persoal laboral. As Universidades, ante as propostas de CCOO e CIG da inclusión dos Complementos de Docencia e Investigación e outras remuneracións salariais propias do persoal funcionario, péchanse en banda esgrimindo que a Figura de PCD non debe ser “apetecible” economicamente e que debe ser un paso transitorio mais na carreira académica docente e que debe desembocar en persoal funcionario.

A filosofía que as Universidades intentan introducir na negociación é que non só debemos centrarnos na “cantidade” económica senón na posibilidade que a Universidade nos ofrece ós laborais de promocionar, estabilizarnos e acadar unha carreira académica plena. Ante este dilema, os sindicatos plantexan unha reflexión, *se para obrigas somos iguais que os funcionarios, e dentro deste marco de convivencia ideal presentado polas Universidades entre funcionarios e laborais, non se entende que a nivel salarial existan diferencias.* Despois dunha “tensa” discusión de traballo non se chega a ningunha decisión xa que todas as reivindicacións da parte social son desoídas e polo tanto acórdase reunirse o Venres 10 de Febreiro dándonos todos un tempo para analizar mais a situación antes de tomar unha decisión. O “reto” que queda na mesa é como chegar a un acordo mais ou menos digno sen que isto faga “perigar” a política de estabilización e prazas na Universidade. Para iso trataremos de consensuar unha postura común entre as Centrais Sindicais. Para CCOO parece un pouco absurdo que unha vez mais o funcionamento do SUG dependa dunhas melloras económicas no soldo dun persoal laboral con escasa presenza, e dende a parte social lembramos ás Universidades que ata o momento a parte social renunciou a melloras para chegar a bo porto có Convenio e que é un bo momento para que as Universidades dean un paso positivo que amose a súa boa vontade de negociación.

Acéptanse outros artigos como os de Indemnización por desprazamento, Idade de xubilación e Carreira Académica, e se deixan abertos outros para a vindeira reunión.

Remátase a xuntanza na Táboa salarial cando a parte social solicita melloras salariais na equiparación do Axudante a Axudante LRU primeira etapa e de Axudante doutor a axudante de segunda etapa. As Universidades só ofertan unha mellora do 5 % do salario reflectido no Decreto de retribucións da Xunta, cousa a todas luces inaceptable por parte dos Sindicatos.